

MIRADA LÚCIDA

“Podes cambiarlle cantas veces queiras/ a color do cristal con que me miras,/ que igual se empañará nos días de humidade” e así as *Miradas ausencias* de Fernando Rodríguez serán tan persoais como xa o foran na súa anterior obra: *A mala idea*. Ou como facer do poema curto, epigramático, todo un exercicio de inxenio e reflexión até provocar en nós un sorriso torpe, un sentimento de indefensión perante as ofensas da vida, a compaixón polo débil e a carraxe fronte á inxustiza. Por todo iso, a Francka editora dálle acubillo a este texto gañador do Premio Prados Ledesma.

Tempos Novos, 94, marzo 2005, p. 68